


# RÍO MANDEO

(Adela Leiro, Mon Daporta)



|  |  |
|--|--|
| <b>NACEMENTO E FONTES</b>              | Marco das Pías (Sobrado dos Monxes), a uns 700 metros de altitude, entre os montes do Bocelo e do Corno do Boi.  |
| <b>LONXITUDE</b>                       | 56 km  |
| <b>PERCORRIDO</b>                      | Localidades: Ponte Aranga, Betanzos  |
| <b>DESEMBOCADURA</b>                   | Ría de Ares e Betanzos   |
| <b>CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES</b>   | Superficie: 456,9 km <sup>2</sup><br>CONCELLOS: Sobrado, Aranga, Curtis, Irixoa, Oza dos Ríos, Cesuras, Coirós, Paderne e Betanzos<br>NORTE: montes da Pena.<br>SUR: Enxameado, Picoi, Bocelo<br>LESTE: Serra da Loba, Corno de Boi, Cova da Serpe, Cordal de Montouto<br>OESTE: Bragade   |
| <b>AFLUENTES DEREITA</b>               | Portabenza, Cambás (Palanca), Zarzo, Maínzoso.<br><b>Río Cambás:</b> fórmase pola confluencia de varios regos que baixan das serras da Loba e Montouto e xúntase co Mandeo en Ponte Aranga.<br><b>Río Zarzo:</b> baixa dos montes da Pena e atravesa terreos de Irixoa e Paderne. Únese ao Mandeo en Vigo (Paderne) nun estreito canón no que se atopan unha sucesión de rápidos e pequenas fervezas. Está aproveitado por unha minicentral que mingua moito o seu caudal.   |
| <b>AFLUENTES ESQUERDA</b>              | Deo, Vexo, Mendo<br><b>Río Deo:</b> Nace nos montes da Carriceira e da Graña (Curtis) e xúntase co Mandeo na Castellana (Aranga).<br><b>Río Vexo:</b> nace nos Montes do Gato e xúntase co Mandeo en Coirós. Ten un percorrido con moito desnivel no que abundan as fervezas.<br><b>Río Mendo:</b> é o principal afluente do Mandeo. Nace en Foxado (Curtis) ,entre o coto da Carriceira e o monte da Graña, e percorre terreos de Cesuras, Oza dos Ríos (fai límite con Coirós) e Betanzos onde se xunta co Mandeo. Ten como afluentes pola dereita o Carnes, Miñatos e Torarou; e pola esquerda o Piñeiredo e Velín.   |
| <b>FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS</b> | Discorre lentamente e cn pouco desnivel pola penichaira e encáixase en rochas graníticas a partir de Aranga. A partir de Betanzos onde forma un amplo esteiro. Nos seus afluentes abundan os rápidos e as fervezas.<br>- <b>Pozo da Xesta</b> , en Vilarraso (Aranga). O río Mandeo á altura da Castellana encáixase nun canón en rochas graníticas facendo unha combinación de rápidos, fervezas e grandes pozas.<br>- <b>Rego Palanca</b> , en Cambás (Aranga). A ferveza máis grande salva un desnivel duns 30 m en neis. A caída principal ten 20 m de altura. Augas arriba da ferveza grande atópase o atranco da antiga minicentral e unha pequena ferveza duns 5 m de altura.<br>- <b>Pozo do Castro Rodicio</b> , no rego Barranco da Loba (Palanca-Mandeo), en Cambás (Aranga). O río, moi diminuído polo encoro que hai máis arriba, salva un desnivel de máis de 20 m en varios saltos e forma un pozo circular moi profundo.<br>- <b>Fervencedo</b> , en Fervezas (Aranga). O río das Fervezas ou Bexo, afluente do Mandeo, baixa por unha zona de rochas graníticas moi encaixado con varios saltos de máis de 5 m e numerosos rápidos.<br>- <b>Santa María de Ois</b> (Coirós). No río das Fervezas ou Bexo (Mandeo).<br>- <b>Fonte do Batán</b> , no rego Mainzoso, afluente do Mandeo, no concello de Paderne.<br>- <b>Verís</b> , no río Zarzo en Irixoa.<br>- <b>Mántaras</b> , no rego das Moas, afluente do Zarzo (Mandeo). En Mántaras (Irixoa).<br>- <b>Rexedoira</b> , en Filgueira de Barranca (Cesuras). O río Mendo ten un tramo con rápidos e varias fervezas en xistos e lousas. A máis grande mide arredor de 8 m de altura encaixada entra rochas. |
| <b>CLIMA</b>                           | Atlántico, máis húmido no curso alto e máis seco no baixo.   |

|                           |   |
|---------------------------|---|
| <b>TIPO DE RÉXIME</b>     | Pluvial, con augas altas no inverno e primavera.  |
| <b>CAUDAL</b>             | 14,142 m <sup>3</sup> /s  |
| <b>FLORA</b>              | Nas beiras dos ríos consérvanse bosques de ribeira con amieiras, salgueiros freixos, bidueiros, abelairas, sabugueiros, sanguiños, carballos, fentos (dentabrú, blechno, fento macho, fento femia...), brións, molinia, espadainas, xuncos, salgueiriño, amenta de auga, amarelle, ranúnculos, oucas, pe de boi, reina, adelfiña, herba centella, espiga de auga... Nalgúns vales hai fragas ben conservadas, aínda que domina a plantación de piñeiros e eucaliptos. Un bo exemplo é a Fraga das Barbudas nos vales do Cambás e os seus afluentes, un bosque autóctono que se pode percorrer cun itinerario que pasa por antigas instalacións de centrais eléctricas e varios muíños e fervezas.<br>No esteiro atópanse plantas adaptadas ás augas salobres: xuncos, verdoaga mariña, acelga salgada, herba das anduriñas... |
| <b>FAUNA</b>              | No bosque de ribeira e na beira da auga viven paxaros (ferreiriños, lavandeiras, merlos rieiros...), picapeixes, anfibios (ras, pintafontes, saramaganta, sapos), réptis (cobra sapeira, lagartos), moluscos (lesmas, caracois) e numerosos insectos.<br>No río hai troitas e gran variedade de invertebrados.<br>O esteiro acolle unha importante representación de aves acuáticas: garza, garzota, gabita, gaivotas, mazaricos, píllara real, lavanco, pato cincento, pato asubión...   |
| <b>APROVEITAMENTO</b>     | Subministro de auga (poboacións, industrias, agricultura...), pesca deportiva, enerxía eléctrica, lecer... É navegable por embarcacións pequenas ata a zona de Betanzos.<br>ENCOROS: Central Eléctrica Mandeo-Zarzo, minicentrais da Castellana (no Mandeo) e do Vexo e Cambás.   |
| <b>ESPAZOS PROTEXIDOS</b> | LIC "Betanzos Mandeo": comprende o curso do río Mandeo desde Ponte Aranga e o do Mendo desde Oza dos Ríos, os esteiros do Mandeo e do Lambre, e a parte da ría de Betanzos entre Miño e a punta de Gandarío.<br>LIC "Brañas do Deo": espazo que inclúe terreos nos concellos de Aranga, Curtis e Oza dos Ríos, na cunca do río Deo, un afluente do Mandeo (3.385,2 ha). Está pendente de aprobación.<br>En Chelo hai unha Aula da Natureza e un centro de interpretación dos ríos e da auga.  |
| <b>DATOS HISTÓRICOS</b>   | A cunca do Mandeo acolle un importante patrimonio histórico e etnográfico. Destaca o núcleo histórico da cidade de Betanzos.<br>Betanzos foi un importante porto e tempos antigos, ata que a acumulación de sedimentos no esteiro dificultou a navegación.  |
| <b>TRADICIÓNS</b>         | Festa dos Caneiros. Romería tradicional que se celebra no río Mandeo, en Betanzos, en Agosto, nas festas de San Roque.  |
| <b>PROBLEMAS</b>          | Contaminación, obras que alteran a canle do río e os ecosistemas, especies invasoras...   |

# RÍO MANDEO

NACEMENTO: Marco das Pías (entre o Bocelo e o Corno de Boi)



DESEMBOCADURA: Ría de Betanzos (Océano Atlántico)